



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Anuncio de publicación de listaxe definitiva de persoas admitidas, designación de tribunal e convocatoria de primeiro exercicio en proceso de selección para a provisión dunha praza de arquitecto/a

ANUNCIO

RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS – ARQUITECTO/A (FUNCIONARIO DE CARREIRA)

Por resolución de alcaldía de data 09/10/2023 aprobouse a relación definitiva de persoas admitidas do proceso selectivo dunha praza de arquitecto/a (funcionario de carreira):

“EXPEDIENTE:1969/2022

RELACIÓN DEFINITIVA ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS, DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL E CONVOCATORIA Ó PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A

DOCUMENTO: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/12/2022 aprobáronse as bases e a convocatoria para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto (funcionario/a de carreira) polo sistema selectivo de concurso-oposición libre correspondente á Oferta de Emprego Público do Concello de Boiro do ano 2019.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 237 de data de 16 de decembro de 2022, no Diario Oficial de Galicia, na páxina web do concello www.boiro.gal e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

Con data 28 de decembro de 2022 o BOE publicou o anuncio de dita convocatoria, abrindo o prazo de presentación de solicitudes.

O 26 de xaneiro de 2023 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo, ó que se presentaron un total de 10 solicitudes.

O 24 de febreiro de 2024 publicouse no BOP o anuncio onde constaba a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, concedendo ás persoas interesadas un prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada.

Neste prazo D^a. Cayetana Silva S, D^a Marta Candocia A e María Rodríguez V presentaron alegacións á listaxe provisional publicada.

Logo de revisada a documentación, as solicitudes de participación e comprobados os requisitos esixidos nas bases desta convocatoria, de conformidade co previsto na base 7^a, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Considerando as competencias atribuídas ó Alcalde polos artigos 21.1.g. e 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar **definitivamente admitidas** no concurso-oposición convocado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/12/2022, que rexe o procedemento de proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto (funcionario/a de carreira), ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada na base 5^a das que rexen este procedemento:

NIF	Nome	Proba Galego
3614*	AMELIA ROSALIA PEREIRA D	EXENTA
7741*	CAYETANA SILVA S	EXENTA
3946*	FÁTIMA SOUTO D	EXENTA
3605*	JOSE MAGDALENA N	EXENTO
7880*	MARIA RODRIGUEZ V	EXENTA
5319*	MARINHA CONSTANZA BANHOS M	EXENTA
4811*	MIGUEL REGUERA S	EXENTO
3612*	PATRICIA LÓPEZ C	EXENTA

Segundo.- Declarar **definitivamente excluídas** no concurso-oposición convocado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/12/2022, que rexe o procedemento de proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto (funcionario/a de carreira), ás seguintes persoas aspirantes polos seguintes motivos de exclusión:

NIF	Nome	Motivo de exclusión
3354*	DIVINA PEREZ V	- Non presenta a relación de méritos segundo se esixe na Base 5ª - Non presenta xustificante pago da taxa / bonificación segundo se esixe na Base 4ª e 5ª.
3945*	VIRGINIA VAZQUEZ A	- Non presenta a relación de méritos segundo se esixe na Base 5ª - Non presenta xustificante pago da taxa / bonificación segundo se esixe na Base 4ª e 5ª.
3266*	MARTA CANDOCIA A	- Non cumprimento da base 5ª das que rexen a convocatoria. (Ver nota)

Nota: En relación á alegación presentada por Dª Marta Candocia A cabe dicir que revisados os datos obrantes nestas oficinas municipais, foi comprobado que con data 26/01/2023 presentou instancia na que solicitaba a súa inscrición no proceso selectivo para 1 praza de arquitecto TP 69,30% correspondente ó proceso extraordinario de estabilización para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto (persoal laboral fixo a tempo parcial), con código de procedemento 4/2022, cuxa publicación e desenvolvemento pode consultar a través da páxina web www.boiro.gal ou nas publicacións realizadas no boletín oficial da provincia da Coruña.

Non consta solicitude de inscrición para o presente proceso selectivo no prazo establecido ó efecto.

Terceiro.- Designar ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

Presidente: Ignacio Soto Álvarez (Suplente: Francisco J. Oubiña Lodeiro)

Secretario/a: Ángela Mª Viqueira Allo (Suplente: María López Docampo)

Vogal 1: Juan Jesús Raposo Arceo (Suplente: Severino Abalo Chouza)

Vogal 2: Mónica Neira Mato (Suplente: Marta Oviedo Creo)

Vogal 3: Daniel Beiras García-Sabell (Suplente: José M. Lago García)

Cuarto.- Facer pública, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal, e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a listaxe definitiva das persoas admitidas, e convocar ós/ás aspirantes admitidos/as para o **XOVES 30 de NOVEMBRO de 2023 ás 09:30 h. no salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Boiro** para a realización do primeiro exercicio da oposición.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

Quinto.- Notificar a presente resolución ós membros do Tribunal de Selección e dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque."

Boiro, 9 de outubro de 2023.

O alcalde do Concello de Boiro

José Ramón Romero García